



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias en xaneiro de 2024

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2024

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web: <http://www.ige.gal>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de xaneiro do ano 2024 acadou a cifra de 1.050.530 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao pasado mes de decembro de 2023 de 11.752 afiliacións (-1,11%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 20.604.761, rexistrando un descenso do 1,11% con respecto ao pasado mes de decembro.


Na comparativa interanual (xaneiro de 2024 con xaneiro de 2023) obsérvase un aumento de 19.793 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,92%) e un aumento do 2,61% (523.537 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de decembro de 2023, rexístrase un descenso das afiliacións en todas as comunidades autónomas, destacando Extremadura (-1,97%) e Comunitat Valenciana (-1,62%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Canarias e Madrid con taxas interanuais superiores ao 3,50%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2024	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>20.604.761</b>	<b>-231.250</b>	<b>-1,11</b>	<b>523.537</b>	<b>2,61</b>
<b>Galicia</b>	<b>1.050.530</b>	<b>-11.752</b>	<b>-1,11</b>	<b>19.793</b>	<b>1,92</b>
Andalucía	3.333.052	-43.624	-1,29	50.747	1,55
Aragón	602.820	-4.416	-0,73	15.408	2,62
Asturias	375.313	-4.760	-1,25	7.199	1,96
Illes Balears	466.041	-6.871	-1,45	14.226	3,15
Canarias	902.181	-8.027	-0,88	36.584	4,23
Cantabria	223.904	-3.028	-1,33	3.251	1,47
Castilla La Mancha	762.540	-10.153	-1,31	17.748	2,38
Castilla y León	950.695	-10.692	-1,11	21.246	2,29
Cataluña	3.674.897	-34.912	-0,94	96.754	2,70
Comunitat Valenciana	2.099.653	-34.572	-1,62	58.174	2,85
Extremadura	404.076	-8.140	-1,97	5.418	1,36
Madrid	3.631.270	-28.135	-0,77	134.229	3,84
Murcia	639.066	-7.266	-1,12	15.354	2,46
Navarra	302.808	-2.941	-0,96	5.317	1,79
País Vasco	1.003.190	-9.756	-0,96	18.875	1,92
La Rioja	135.295	-1.260	-0,92	2.635	1,99
Ceuta e Melilla	47.430	-944	-1,95	579	1,24

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,32%, seguida de Pontevedra (1,78%), Ourense (1,47%) e Lugo (1,22%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xaneiro con respecto ás do mes de decembro, rexistrouse en Galicia un descenso do 1,11%. As catro provincias galegas presentan unha taxa de variación interanual negativa: Pontevedra (-1,17%), A Coruña (-1,09%), Lugo (-1,07%) e Ourense (-1,00%).

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2024	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	455.783	-5.032	-1,09	10.356	2,32
LUGO	122.793	-1.322	-1,07	1.484	1,22
OURENSE	104.526	-1.056	-1,00	1.513	1,47
PONTEVEDRA	367.428	-4.342	-1,17	6.440	1,78
<b>GALICIA</b>	<b>1.050.530</b>	<b>-11.752</b>	<b>-1,11</b>	<b>19.793</b>	<b>1,92</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>20.604.761</b>	<b>-231.250</b>	<b>-1,11</b>	<b>523.537</b>	<b>2,61</b>


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 78,86% das afiliacións galegas en xaneiro de 2024, diminuíron un 1,22% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,71%. En España estas taxas foron do -1,22% con respecto a decembro de 2023 e do 3,02% en relación ao mes de xaneiro de 2023. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (73,35%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-1,53%), Ourense (-1,19%) e A Coruña (-0,51%) amosan unha taxa de variación interanual negativa, mentres que Pontevedra (0,01%) presenta unha taxa de variación interanual positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,57%. Para este réxime e con respecto ao mes de decembro de 2023, baixan as afiliacións nas catro provincias galegas: Pontevedra (-0,54%), Ourense (-0,53%), A Coruña (-0,53%) e Lugo (-0,51%); resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do -0,53%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 0,60% e unha baixada intermensual do 0,51%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a xaneiro de 2023, baixan as afiliacións na Coruña (-6,30%), Pontevedra (-4,32%) e Lugo (-2,28%). A taxa galega acada entón o -4,71%, inferior á de España (-1,94%). Con respecto a decembro de 2023, A Coruña (-2,23%), Pontevedra (-2,08%) e Lugo (-1,92%) presentan unha taxa de variación intermensual negativa. A taxa galega amosa un descenso do 2,11% con respecto a decembro de 2023. A taxa nacional é do -2,28%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

**Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2024	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	455.783	-1,09	2,32
LUGO	122.793	-1,07	1,22
OURENSE	104.526	-1,00	1,47
PONTEVEDRA	367.428	-1,17	1,78
GALICIA	1.050.530	-1,11	1,92
ESPAÑA	20.604.761	-1,11	2,61
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	367.719	-1,20	3,12
LUGO	90.063	-1,24	2,28
OURENSE	82.167	-1,13	2,22
PONTEVEDRA	288.497	-1,27	2,48
GALICIA	828.446	-1,22	2,71
ESPAÑA	17.218.797	-1,22	3,02
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	83.152	-0,53	-0,51
LUGO	31.344	-0,51	-1,53
OURENSE	22.360	-0,53	-1,19
PONTEVEDRA	66.933	-0,54	0,01
GALICIA	203.788	-0,53	-0,57
ESPAÑA	3.327.419	-0,51	0,60
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	4.912	-2,23	-6,30
LUGO	1.386	-1,92	-2,28
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	11.999	-2,08	-4,32
GALICIA	18.296	-2,11	-4,71
ESPAÑA	57.663	-2,28	-1,94

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>